




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Malpica. Concello: Malpica de Bergantiños. Parroquia: Santa Cristovo de Cerqueda; agás unha pequena esquina no noroeste, na que aparece San Xulián de Malpica de Bergantiños. Extensión: 4,94 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tramo de acantilados potentes, tectónico, con parede vertical ou tendente á verticalidade e vertentes convexas, pero nas que unha parte pequena moi empinada dá paso a unha extensa superficie aplanada ou de escasa pendente. Varios pequenos cursos de auga sucun esta superficie aplanada salvando os desniveis existentes entre a pouco degradada superficie de aplanamento antiga dos 100/200 m e desembocando en pequenas fervezas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unha falla transformante move as bandas de materiais existentes nesta unidade, cara ao leste na metade norte e cara ao oeste na sur. Na primeira, de leste a oeste: materiais metamórficos da "Serie de Ordes"; moi estreita banda de anfíbolitas; estreita banda de gneises alcalinos precámbricos, con retroeclogitas na Punta dos Muíños; ortogneises cunha banda interna de xistos e gneises albíticos do Dominio da Foxa Blastomilonítica, de Idade precámbrico-silúrica; e dende aquí ao extremo occidental da unidade aparecen estes últimos con dous pequenos sectores de ortogneis e retroeclogitas na esquina noroeste e un de ortogneis no extremo centro-oeste. Na metade meridional, en virtude dese fenómeno tectónico, os materiais metamórficos de "Ordes" ocupan toda a parte central e oriental. Na occidental sucédense o resto de materiais xa anotados.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual maior de 14° C e amplitude térmica entre 12,5° C e 13,5° C. Precipitacións acumuladas durante o ano sen superar os 1200 mm na primeira banda costeira (entre 500 m e 1000 m) que pertence ao dominio climático Cálido e Subhúmido. Non obstante, cara ao interior hai un lixeiro incremento das precipitacións, que define un dominio Húmido, xa que se rexistran valores entre 1200 mm e 1400 mm anuais.

OS SOLOS

Nas vertentes, solos pouco desenvolvidos, en concreto umbrisoles dísticos, mentres que na parte sur da unidade, nos altos, aparece un fluvisol háptico máis apto para o desenvolvemento de actividades agrícolas.


AS AUGAS

Unidade que desauga na masa de Augas Costeiras da costa do Cabo Santo Adrián (20133). A rede fluvial ten pouca relevancia e fórmana unha serie de arrosos que se encaixan progresivamente no seu camiño cara á vertente acantilada.

O PATRIMONIO NATURAL

Litoral do IBA Costa da Morte. Unidade acantilada cuxa vertente inferior se inclúe no LIC Costa da Morte. Aparecen o hábitat 1230 de acantilados atlánticos, o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados e 8330 de furnas mergulladas ou semimergulladas. A grande dinámica dos acantilados aumenta a importancia do hábitat 1210 ao existir numerosos depósitos ao seu pé. Existe bastante desenvolvemento de brexeiras secas nas vertentes (hábitats 4030 e 4040). As valgadas presentan brexeiras húmidas de Erica cinérea e Erica tetralix (4020) con potencialidade para sectores turfófilos. En recháns desas valgadas e na chaira somital da unidade, a suavidade topográfica desenvolve pequena áreas hidromorfas. O Rego da Fonte Fria, Rego Xareira e Rego dos Muíños presentan algúns pequenos bosquetes ripícolas (91E0). Por último, nas agras de Cabanas e Ardeleiro, aparecen algunhas masas de recolonización con frondosas, de certo tallo.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Grande parte da unidade está cuberta por formacións vexetais costeiras que ocupan a franxa litoral inmediatamente posterior á liña de acantilados. Tras ela, unha ampla zona dedicada a actividades silvícolas alberga monocultivos de especies como o piñeiro ou o eucalipto. Cara ao interior, resgardado das influencias mariñas, localízanse as actividades agrogandeiras repartidas arredor dunha serie de núcleos tradicionais diseminados entre o parcelario. O espazo cultivado ocupa máis do 50% da superficie total da unidade e, a pesar do predominio agrícola, aínda aparecen rodais de bosque natural e áreas cubertas por matogueira. Con carácter residual aparecen bosques de ribeira e solos hidromorfos asociados aos cursos de auga.

MORFOLOXÍA

O espazo agrícola sofre nos últimos anos un proceso de concentración parcelaria, que o xerarquiza arredor dunha rede poligonal de pistas que distribúen dun modo artificial as parcelas. Neste contexto parcelario localízanse os asentamentos tradicionais cuxa forma representa unha organización espacial herdada do pasado cun modelo agrupado e compacto, creando así unha entidade definida, a aldea. Máis ao sur, os asentamentos dispérsanse e predominan as vivendas unifamiliares con parcela propia localizadas ao longo da estrada principal, o que lles outorga un carácter lineal que contrasta coa tipoloxía morfolóxica tradicional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación presente na unidade é a AC-414 Carballo-Malpica, que a corta transversalmente preto do seu bordo sur e que concentra o groso dos desprazamentos por esta parte da costa. Ao redor dela ramifícanse unha serie de camiños rurais que comunican os diferentes asentamentos e permiten o desprazamento do interior á costa. A esta rede de comunicacións hai que sumar a apertura de novos trazados, seguindo unha estrutura lineal e asociada á concentración parcelaria. Estas novas infraestruturas viarias contrastan coa rede de sendeiros rurais, alterando a fisionomía da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A presenza do Castro de Aldeola indica que este espazo xa estaba ocupado dende tempos dos celtas. Á súa vez, a arquitectura popular propia da zona contén elementos de gran valor cultural e paisaxístico, caso do conxunto de Muíños de auga situados en Lorocho, que aproveitaban a corrente do Rego dos Muíños. Ligados á tradición rural tamén aparecen os hórreos para almacenar os produtos non perecedeiros como o millo. En ocasións, localízanse xunto a casas singulares ou pazos como o de Lorocho. Froito da influencia eclesiástica aparecen numerosos cruceiros de gran valor etnolóxico dispersos por todo o territorio, especialmente nos cruzamentos de camiños e núcleos rurais.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A planicie interior da unidade favorece o seu carácter agrícola, mentres que a forte pendente da franxa costeira determina as coberturas e os usos que se distribúen paralelos ao litoral. Na actualidade danse procesos artificiais de transformación da paisaxe derivados, por un lado, de actuacións destinadas a modificar a estrutura minifundista das parcelas e, por outro, do desenvolvemento de actividades agroforestais intensivas naqueles espazos menos produtivos. Os núcleos rurais que forman parte desta unidade manteñen o carácter rural asociado ás actividades agrarias e á tipoloxía propia da aldea galega. Non obstante, ao sur da unidade atopamos un núcleo espontáneo e desvinculado das funcións rurais e/ou urbanas, ligado á súa vez á presenza da estrada AC-414.

DINÁMICA DA PAISAXE

Tres son as dinámicas que afectan esta unidade. Por unha banda, os procesos de concentración parcelaria que teñen por obxecto incrementar a produtividade do espazo agrícola dispoñible. Por outra, a aparición de novas edificacións arredor da AC-414 inverte o proceso de abandono rural, favorece o crecemento demográfico e modifica o sistema de asentamentos tradicional. Por último, dáse un cambio de uso nas zonas próximas á costa, que se traduce na aparición de monocultivos de eucalipto e piñeiro.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A unidade presenta unhas boas condicións de partida, posto que os procesos derivados da transformación agraria e dos cambios na morfoloxía urbana aínda non repercuten na calidade da paisaxe. A fronte litoral atópase ben conservada, o que impulsou a súa inclusión na Rede Natura 2000 dado o seu carácter agreste e a espectacularidade da paisaxe costeira que se observa dende calquera dos farallóns rochosos que a compoñen. Boa parte da unidade conserva os seus sinais de identificación, tal e como demostra a presenza de aldeas como O Ceán, Lorocho ou Ardeleiro. Propóñense dous puntos de observación, un situado en Chousas Novas e outro no Alto dos Muíños dende o que é posible observar o pequeno barranco do Rego dos Muíños, ademais da costa e o espazo rural interior.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



